



nota de prensa

Veciñanza pecha a campaña electoral cun acto festivo o venres día 24

Veciñanza pecha a campaña electoral cun acto festivo este venres, día 24, no Auditorio Xosé Raído Patelas. Nesta última semana, Veciñanza publica tamén unha entrevista co candidato Santi Martínez na que resume a lexislatura que remata e traza as principais liñas do proxecto para o seguinte mandato.

Cuntis. 21 de maio de 2019

Veciñanza pecha esta intensa campaña electoral cun acto festivo que terá lugar este venres, día 24, no Auditorio Xosé Raído Patelas ás 21:30 horas. Logo de dúas semanas percorrendo todas e cada unha das aldeas do municipio de Cuntis, a formación liderada por Santi Martínez chega ás urnas envolta nunha tendencia claramente á alza e impulsada polas boas sensacións que os veciños e as veciñas van transmitindo.

No Peche de Campaña, para o que Veciñanza fai un convite aberto a todas as persoas de Cuntis, haberá música en directo, as intervencións dos candidatos e algunha sorpresa máis.

Nesta última semana de campaña, Veciñanza publicou nas súas redes sociais unha entrevista co candidato Santi Martínez. Nela fai un repaso do que foi esta lexislatura e traza as liñas que a candidatura veciñal inclúe no seu programa. A incapacidade do actual goberno para concretar os asuntos máis necesarios, a renuncia á elaboración do PXOM ou as carencias na aposta polo desenvolvemento turístico son algúns dos eixos que sinala o candidato de Veciñanza nesta entrevista.

Está dispoñible nos perfís de Veciñanza en Facebook, Twitter e Youtube.